

Un cento de escritores galegos tomarán parte no congreso que hoxe será inaugurado en Poio

SANTIAGO.— (Da nosa Delegación).

Para as once de mañán de hoxe está previsto o acto de apertura do primeiro congreso de escritores en lingua galega, que durante tres días possibilitará a participación activa dun cento de creadores das letras galegas, no Mosteiro de Poio (Pontevedra). No acto de inauguración intervirán os escritores Rafael Dieste, Ricardo Carballo Calero, así como os componentes da directiva da Asociación de Escritores.

A ponencia sobre narrativa, que estará a cargo de Basilio Losada, será presentada aos congresistas a partires das doce. Seguirá outra ponencia sobre a presenza do noso idioma e da nosa literatura no ensino, da que se responsabiliza Pilar García Negro. Xa pola tarde, e a partires das catro, están previstas duas ponencias que terán como centro de atención ao escritor galego como tal; os ponentes serán Xosé Luis Méndez Ferrín («de escritores galegos») e Camilo Valdehorras («subdesarrollo e porvir da literatura galega»). As seis da tarde, seguirán presentándose ponencias encol de «A subsistencia do escritor», da que se encargará Xoan Ignacio Taibo, e «Problemas da literatura galega cara a súa proxección exterior», que presentará a súa autora Pilar Vázquez Questa. O último acto deste primeiro día de congreso terá como protagonistas principais aos escritores portugueses Casimiro de Brito, José Augusto Seara («O movemento da nova renacença»), Elgío González e Manuel Ferreira («Literatura Afro - portuguesa»). Os actos de pola mañán estarán moderados por Paco Martín, e os de pola tarde terán como moderador a Alfredo Coads.

As ponencias de mañán domingo xirarán a partires das dez de mañán encol de o escritor e a lingua, enoetándose coa que presenten Víctor Vaqueiro, Miguel Anxo Murado, Xosé Ramón Pena e un membro do Instituto da Lingua, encol da normativización. As 12 serán o grupo Rompente («Notas sobre a actitude literaria») e Manuel Ovila Novas («Sobre da poesía»), os que presenten a ponencia relativa a creatividade poética en Galicia. Os actos de pola mañán serán moderados por Alvarez Pousa. A partires das catro da tarde, as ponencias tocárán o tema de o escritor e os medios de comunicación, responsabilizándose das mesmas Víctor Freixanes, Luis Alvarez Pousa, Manolo Rivas e Margarita Ledo Andión, esta última co tema concreto de unha «Proposta para unha publicación periódica de grupo». A partires das seis da tarde, e tendo como moderador a Bernardino Graña, desenrolarase unha mesa redonda sobre da situación das literaturas catalana, vasca e galega.